

A Constitución española de 1978

A Constitución é a lei esencial pola que nos rexemos en España e grazas á cal vivimos en democracia. Estrutúrase en artigos, que establecen como se organiza o Estado, como é o escudo, a bandeira... e tamén os nosos dereitos e deberes fundamentais, que serven para organizar a vida do noso país.

Constitución
española

letras

1 Colorea as imaxes e coloca nos globos a lingua cooficial:

Artigo 3. O castelán é a lingua oficial do Estado. As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas.



Nós falamos
C _ _ _ _ _

Nós falamos
G _ _ _ _ _

Nós falamos
É _ _ _ _ _

E todos falamos
castelán.

2 Debuxa aquí a bandeira de Galicia e coloréaa. Colorea tamén a bandeira de España.



Artigo 4. A bandeira de España está formada por tres franxas horizontais, vermella, amarela e vermella; a amarela é o dobre de ancha que cada unha das vermellas.



Le con atención e contesta estas preguntas marcando a resposta correcta


- 1 Onde se encontra localizado o Estado español?
 - No noroeste de Europa.
 - No suroeste de Europa.
 - No sueste de Europa.
- 2 Como se denominan as unidades territoriais básicas do Estado?
 - Municipios.
 - Cidades.
 - Comunidades autónomas.
- 3 Cal é o órgano de goberno das provincias?
 - O concello.
 - A deputación.
 - O Estado.
- 4 Como se chaman as comunidades autónomas que están formadas por unha soa provincia?
 - Provinciais.
 - Pluriprovinciais.
 - Uniprovinciais.
- 5 En que lei se establecen os dereitos e os deberes dos españois?
 - O Estatuto de Autonomía.
 - A Constitución española.
 - O decreto de educación.
- 6 Que tipo de organización política ten o Estado español?
 - Ditadura.
 - República.
 - Monarquía parlamentaria.
- 7 Indica cal destas funcións NON lle corresponde ao xefe do Estado.
 - Xestionar os asuntos públicos.
 - Representar a España noutros países.
 - Exercer o mando supremo das Forzas Armadas.
- 8 Que institución se encarga de elaborar e aprobar as leis e controlar o Goberno?
 - As Cortes Xerais.
 - Os Tribunais de Xustiza.
 - O Goberno Central.
- 9 Como se chaman as reunións periódicas que se realizan nos concellos para tratar diferentes asuntos municipais?
 - Asembleas locais.
 - Plenos municipais.
 - Reunións parlamentarias.
- 10 Que institución exerce o poder executivo na comunidade autónoma de Galicia?
 - O Parlamento de Galicia.
 - A Xunta de Galicia.
 - O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Le con atención e contesta estas preguntas marcando a resposta correcta

- 1 Cantos países pertencen á Unión Europea na actualidade?
 - 25.
 - 28.
 - 32.
 - 27
 - 26
 - 29
- 2 Cal é a moeda única e oficial da Unión Europea?
 - O euro.
 - O ecu.
 - O dólar.
- 3 Desde que ano pertence España á Unión Europea?
 - Desde 1979.
 - Desde 1986.
 - Desde 2002.
- 4 Que tratado asinaron en 1957 Alemaña, Bélxica, Francia, Países Baixos, Italia e Luxemburgo?
 - Tratado de Roma.
 - Tratado de Maastricht.
 - Tratado de Edinburg.
- 5 Que país se incorporou en 2013 á Unión Europea?
 - Polonia.
 - Eslovaquia.
 - Croacia.
- 6 Que órgano toma as decisións máis importantes da Unión Europea?
 - Parlamento Europeo.
 - Consello da Unión Europea.
 - Tribunal de Contas.
- 7 Que institución se encarga de vixiar o cumprimento das leis da Unión Europea?
 - O Tribunal de Xustiza Europeo.
 - A Comisión Europea.
 - O Consello de Europa.
- 8 Como se denomina o conxunto de estados membros da Unión Europea que adoptaron o euro como moeda oficial?
 - Eurozona.
 - Zona única.
 - Euromembros.
- 9 Cal dos seguintes países da Unión Europea mantén a súa moeda oficial distinta ao euro? FOI MEMBRO ATA 2020. 31.XANERO
 - Chipre.
 - Reino Unido.
 - Irlanda.
- 10 Cal era a moeda oficial de España antes da entrada do euro?
 - O real.
 - O peso.
 - A peseta.

As institucións da Unión Europea

1 Completa o esquema das institucións da UE.



2 Para que cres que son necesarias estas institucións na UE?

.....

.....

.....

.....

.....

Os dereitos e deberes dos europeos

1 Contesta con SI ou NON.

Pode un cidadán da UE viaxar ou vivir libremente en calquera territorio dos países membros?

Poden participar os menores de 18 anos nas eleccións ao Parlamento Europeo?

Podemos traballar e estudar en calquera país da UE?

Estamos os cidadáns protexidos por todas as leis europeas?

2 Identifica no mapa de Europa os países que forman parte da UE e escribe os seus nomes.

Colorea de **verde** os países que forman parte da zona euro, de **amarelo** aqueles que son países candidatos para formar parte dela e de **vermello** aqueles países que conservan a súa propia moeda.

